

EXPTE. Nº: 14/2015 E.L. SERVIZO DE "DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO "TERRA DE SANXENXO", EN TODO TIPO DE XURISDICIÓN"

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

"DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE SANXENXO E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO, TERRA DE SANXENXO, EN TODO TIPO DE XURISDICIÓN": Dada conta do expediente para a contratación do servizo enunciado e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 30/12/2015 e pola Intervención Municipal de data 22/02/2016, esta alcaldía **resolve**:

Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria. Sinálase como presuposto máximo de licitación por ano (12 meses) **55.000,00 €**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **11.550,00 €** e o orzamento máximo de licitación por ano, co IVE, é de **66.550,00 €**. Dado que o contrato ten unha duración **DUN ANO** e **TRES** posibles prórrogas **DUN ANO** cada unha, o presuposto máximo de licitación para a totalidade da duración do contrato, incluída as prórrogas previstas neste prego e valor estimado do mesmo, é de **220.000,00 €**, o IVE ascende a **46.200,00 €** e o presuposto máximo de licitación para a totalidade da duración do contrato, incluídas as prórrogas previstas neste prego e valor estimado do mesmo, co IVE, é de **266.200,00 €**.

Segundo: Aprobar o Prego Unificado de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, de data 16 de decembro de 2015, que consta de 29 cláusulas e 5 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: Aprobar o gasto, con cargo ás partidas presupostarias 15101/22604, 92004/22604 do orzamento separado da Entidade Local, e 33004/22604 do orzamento separado do Organismo

Autónomo "Terra de Sanxenxo" por un importe de licitación anual de 66.550,00 €.

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
 - o O Secretario Xeral do Concello de Sanxenxo, Don Ángel Luis López Pita
 - o A Concelleira de persoal e seguridade cidadá, Dona Vanesa Rodríguez Búa.
 - o O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego e facenda, Don David Otero Domínguez

Dada en Sanxenxo o vinte e dous de febreiro de dous mil dezaseis.

O alcalde


Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral


Ángel Luis López Pita